

Instrucións para o traballo de recollida de literatura popular

Curso: 2º da ESO

Materia: Lingua Galega e Literatura

Obxectivo

Recoller, conservar e valorar o patrimonio cultural da nosa contorna a través da literatura popular: contos, lendas, adiviñas, cantigas, ditos, refráns ou outras expresións orais tradicionais.

Fases do traballo

1. **Identificar na nosa contorna persoas que poidan ser informantes** e transmitirnos diferentes tipos de literatura popular (contos, lendas, refráns, adiviñas, ditos populares, cantigas tradicionais...). Poden ser familiares, veciñas ou veciños, amigas ou amigos, profesorado....

2. Investigación na contorna

- Prepara preguntas claras e concretas, por exemplo:
 - "Que contos ou lendas lembrades de cando erades pequenos?"
 - "Que refráns ou ditos populares se dicían nesta zona?"
 - "Hai cantigas tradicionais que se cantaban en festas ou traballos?"
- Lembra ser respectuoso e agradecer a colaboración.

3. Rexistro da información

Anota todo o que recollas. Ademais, podes gravar as conversas co permiso da persoa entrevistada, pero deberás transcribilas posteriormente na ficha de recollida que tes na aula virtual.

4. Redacción do traballo

Enche a ficha de recollida de literatura popular coa información sobre a persoa informante e transcribindo o que che contou. Debes facer isto con cada unha das persoas informantes.

Data de entrega: máximo 14 de marzo

Este traballo axudarache a descubrir a riqueza cultural que nos rodea e a valorar as tradicións que forman parte da nosa identidade. Despois, entre todos e todas, escolleremos as mellores para facer unha exposición polo centro. Boa sorte!